

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE PARTICIPA NO ACTO INSTITUCIONAL DE APERTURA DO CURSO ACADÉMICO 2023-24 NO GRAO DE ODONTOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

O salón de actos de Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela foi o escenario onde tivo lugar hoxe, 12 de setembro, o evento de acollida dos alumnos e alumnas de primeiro curso. No transcurso do acto, presidido polo seu decano, Julián Álvarez Escudero, interveu a directora de ADOS, Marisa López García, para poñer en valor a importancia da doazón de sangue, xa que para abastecer aos centros sanitarios galegos de compoñentes sanguíneos son precisas unhas 450 doazóns cada día. Por iso a directora da Axencia na súa intervención, animou a todos os alumnos e alumnas a participar nas campañas universitarias de doazón de sangue que todos os anos desenvolve ADOS en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.